

Auga, bioloxía, sanidade, autonomía alimentar dende a pesca recreativa

Pereira García, Manuel, Narón, Galiza
mgpereira@mundo-r.com

O propósito desta presentación ven sendo expoñer o sentir dun xeito de pesca recreativa e a súa relación co coñecemento científico tocando de esguello a temática da administración en xeral. Todo referido o devalo dende os anos 60 (comezo da miña andaina como pescador) ate hoxe.

Moi breve introdución do coñecemento natural ate os 60 cara a situar o presente do mesmo neses anos. Mesmo como o coñece un pescador que comeza a convivir coa natureza na súa etapa infantil (en ollada retrospectiva).

Estado dos ríos nos anos 60, estado das rías ou desembocaduras, e da pesca nos anos 60. A xeografía física e humana das cuncas (bacías). Destacar como lle chega a información en tempos escuros a este pescador, e a poboación en xeral, tanto os coñecementos básicos da pesca como os científicos. Normativas xerais neses tempos. Tempos de escaseza intelectual e mesmo de pobreza física e cultural en xeral, sen embargo a potencia biolóxica e o estado dos ríos, salvo excepcións, era moi boa. Rematan varios dos grandes encoros.

Estado dos ríos nos 70, aumenta a cantidade dispoñible de información tanto de pescadores como sobre todo de literatura de divulgación, ase mesmo a xuventude do autor permítelle unha mellor comprensión do que observa e o que recibe. Nótanse cambios na forma de traballar nas Universidades, e cambios administrativos importantes entre a primeira metade e a segunda da década. Por desgraza son os anos en que comeza a apreciarse un aumento progresivo da contaminación, sendo moi acusado a final da década. A carga piscícola está en máximos pero xusto aparecen algunhas alarmas.

Anos 80. Madurez como pescador que xa comenzara dende os primeiros 70. Madurez intelectual e con formación universitaria en medicina, acceso pleno a información universitaria en bioloxía ou ciencias relacionadas a nivel aficionado. Nos últimos anos tales coñecementos me permiten escribir na mellor revista de pesca a nivel español, incluso redactar varios capítulos dunha enciclopedia de pesca. Inmersión na pesca especializada de mosca.

Nestes anos e os 90 a miña relación con biólogos e técnicos da administración se incrementa, participo como directivo da Asociación Galega de Pesca Fluvial, e pouco tempo nunha local, ase mesmo como socio na Real Asturiana de Pesca e como presidente a nivel provincial da AEMS (Asoc Estudio y Mejora de los Salmónidos) que no ano 98 gaña o Premio Nacional de Medio Ambiente, máximo galardón no estado. Traballo a favor da pesca sen morte, sen descartar en nada a convivencia coa pesca con morte. Nese anos comezo coa pesca de Salmón, en Asturias e Galiza e comezo entre eses anos e os actuais un amplo recorrido polos ríos do NO peninsular dende Asturias o Norte Portugal. Actualmente tamén socio de La Sócala en Asturias, desaparecida la AGPF, colaboracións esporádicas si procedese con AEMS da que gardo moi gratas lembranzas como as Xornadas de Camprodón no 93, e as de Sarria, León e Lalín.

Nestes anos 90 e sobre todo neste século a contaminación sobre todo difusa e xeneralizada chegando as zonas altas das cuncas. A caída piscícola xeneralizada de salmónidos, ate rondar a extinción do salmón atlántico en tódalas cuncas, incluso europeas. A aparición de especies invasoras, a calidade de augas incluso para consumo e baño, presenza de microorganismos con repercusión sanitaria, cambios na paisaxe e na paisanaxe. Regresión agrícola e gandeira. Interésome moito pola distinta percepción entre grupos de pescadores e de científicos en xeral, e da asimilación de ideas entre os distintos grupos, asimesmo da falta de remuda ente pescadores, da falta de educación escolar e social en temas ambientais e de saúde, con bulos e asnadas de vulto. As dificultades de percepción das ideas científicas, as veces por falta de divulgación, e moitas veces interesadas. Recoñecer os pescadores como os máis interesados na conservación dos ríos aínda que as veces non o fagan doado. A falta de intres notable das administracións transnacionais, galegas e dos concellos que viven de costas os ríos. Educadores como mestres, institutos, museos, concellos e pescadores conscientes temos que romper o silencio. Compre tomar medidas básicas que non precisan de estudos previos nin grandes inversións, sendo conscente que outras medidas precisan de avaliación científica previa. Esta en risco a saúde ambiental, agraria e animal e a educación en valores tradicionais das poboacións do NO peninsular. Outono 2025.

Pesca fluvial, contaminación, calidade ambiental.

Agradecementos a cantos pescadores me ensinaron algo empezando polo meu pai, e cantos científicos me ensinaron o resto. Serán citados algúns no texto.